

ORDENANZA FISCAL Número . 22
REGULADORA DA TAXA POLOS SERVIZOS PRESTADOS POR TÉCNICOS MUNICIPAIS

Artigo 1º: -FUNDAMENTO E NATUREZA

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, este Concello establece a "Taxa polos servizos prestados por técnicos municipais", consistente na dirección técnica de obras, inspección técnica de obras, ensaios ou análises e controis de calidade.

Artigo 2º: FEITO IMPOÑIBLE

Constitúe o feito imponible da Taxa a prestación dos seguintes servizos:

1.- **Inspección Técnica das obras**: refírese á comprobación de que a realización das mesmas faise de acordo co proxecto correspondente. aplicarase cando a Administración inspeccione obras nas que a dirección corresponda a Enxeneiro o Arquitecto designado polos Promotores. Respecto á aplicación das tarifas, se a inspección é só circunstancial en certo momento e non abarca todo o desenvolvemento da obra, aplicaranse as tarifas correspondentes aos traballos especiais, como recoñecemento, ensaios, inspección, etc..

2.- **Recoñecemento e inspeccións**: enténdese por recoñecemento a intervención persoal dos servizos técnicos para describir as circunstancias que aprecien no obxecto do recoñecemento sen que para elo precisen tomar medidas e datos de ningunha especie.

3.- **Ensaio, análises, control de calidade**. Os ensaios ou análises que practique a Administración Municipal cos seus propios medios ou ben utilizando laboratorios ou elementos de carácter oficial que fagan traballos para o público. As tarifas corresponden á intervención dos servizos técnicos que redactarán un documento describindo as circunstancias do ensaio e as observacións realizadas, certificando os resultados obtidos.

4.- **Dirección de obras**: Constitúe a fase na que os servizos técnicos (Arquitecto ou enxeneiro), levan a cabo a coordinación do equipo técnico facultativo das obras, a interpretación técnica e economía do proxecto, así como a adopción das medidas necesarias para levar a termo o desenvolvemento do mesmo, establecendo as adaptacións, detalles complementarios e modificación de tolerancias que poidan requirirse co fin de acadar a realización total da obra conforme ao proxecto de execución correspondente.

Artigo 3º: SUXEITOS PASIVOS

Están obrigados ao pago da Tasa regulada nesta Ordenanza, os contratistas adxudicatarios das obras municipais e os promotores da urbanización e/ou as Xuntas de Compensación que solicitaran e disfrutasen do servizo.

Artigo 4º: - RESPONSABLES

1.-Responderán solidariamente das obrigacións tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas ou xurídicas ás que se refiren os artigos 41 e 42 da Lei xeral tributaria.

2.-Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei xeral tributaria.

Artigo 5º. COTA TRIBUTARIA

A cota tributaria calcularase de acordo coas Tarifas contidas no apartado seguinte que están basadas no importe de execución material das obras, excepto cando se trate de Dirección ou Inspección Técnica que será o custo efectivo da construción.

As tarifas desta Taxa serán as seguintes:

*** Dirección de obra:**

a).- Obras de sumidoiro, depuración parcial de augas potables e residuais, obras de encauzamento e defensa de marxes, estradas e camiños, e abastecemento de auga: 2,5 %

b).- Depósito de augas, electrificación rural e edificios: 3,5 %

*** Inspección técnica das obras: 50 % da tarifa de Dirección de obra.**

*** Ensaio ou análises e control de calidade: 40 % do Orzamento.**

Artigo 6º: DEVENGO

O devengo da taxa regulada nesta Ordenanza nace dende que se preste ou realice calquera dos servizos ou actividades descritas no artigo 2º.

Artigo 7º: XESTIÓN

1.-A Taxa por dirección de obra satisfarase en proporción ás unidades de obra certificadas polo técnico director, determinándose a contía definitiva do prezo en base á certificación final de obra e deducíndose os importes xa satisfeitos con ocasión das certificacións parciais, que terán o carácter de entregas a conta. Podendo a Administración cobrar o prezo en vía voluntaria mediante a compensación total ou parcial con créditos recoñecidos e liquidados a favor do contratista.

2.-Nos restantes supostos esixirase a taxa mediante autoliquidación.

DISPOSICIÓN FINAL.-Derogada

DILIXENCIA:

Constátase que a presente Ordenanza aprobouse provisionalmente polo Concello Pleno en Sesión celebrada o día 11 de novembro de 1.998, publicándose o seu texto íntegro no B.O.P. Nº 299 de 31 de decembro de 1.998.

Por Pleno de data 25 de setembro do 2008 modificáronse os artigos 1º, 4º e 7º e derrogouse a disposición final, aprobándose os textos dos artigos no BOP Nº 285 de 12 de decembro do 2008.